



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## **ESTRATO DAS BASES DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL**

- 1 Sistema de selección:** O sistema de selección será de concurso – oposición.
- 2 Requisitos das persoas aspirantes:** Entre outros estar inscritas como demandantes de emprego.
- 3 Prazo de presentación de instancias:** O prazo para a presentación de solicitudes rematará o **24 de maio de 2018**.
- 4 A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de:**
  - a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
  - b) Acreditación do previsto nos puntos 4 e) e 4 f).
  - c) CELGA 4 ou equivalente.
  - d) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 8 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

### **5 Procedemento selectivo (ata un máximo de 24 puntos):**

#### **A. Fase de oposición, ata un máximo de 17 puntos**

##### **a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos.

##### **b) Segundo exercicio, ata un máximo de 5 puntos**

Establécese unha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio sobre as funcións propias da praza, para coñecer a destreza e coñecementos prácticos das persoas aspirantes. Puntuarase ata un máximo de 5 puntos, sendo preciso obter como mínimo unha puntuación dun 2.5 para superalo.

##### **c) Terceiro exercicio, ata un máximo de 2 puntos**

Está proba será obrigatoria para as persoas que non acrediten estar en posesión do nivel de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente). A proba terá como referencia os modelos empregados para cada nivel pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para as probas de acreditación dos Certificados de Lingua Galega (CELGA). As persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente terán unha puntuación de 2 puntos.

#### **B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 7 puntos**

A experiencia laboral na mesma categoría que deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio do certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

**a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos**

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,20 puntos por mes de servizo.

**b) Formación, ata un máximo de 3 puntos**

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo a maiores da titulación esixida.

Se a duración se establece en créditos, cada crédito equivale a 10 h.

- a) Instrutor de zumba: 1,00 puntos.
- b) Curso de ciclo indoor: 1,00 puntos.
- c) Graos universitarios e máster: 1,00 puntos.
- d) Ciclos formativos de grao superior: 0,80 puntos.
- e) Ciclo formativos de grao medio: 0,60 puntos
- f) Cursos de 200 horas ou máis: 0,40 puntos.
- g) Cursos de 100 a 199 horas: 0,30 puntos.
- h) Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos.
- i) Cursos de 10 a 49 horas: 0,10 puntos.
- j) Xornadas, cursos, seminarios... nos que non figure o número de horas ou sexan menos de 10: 0,05 puntos.

**ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. Actividades físico-deportivas individuais. Acondicionamento físico e natación

Tema 3. Fundamentos biolóxicos e bases de acondicionamento físico.

Tema 4. Primeiros auxilios e socorrismo acuático.

Tema 5. Animación e dinámica de grupos.

**AS BASES COMPLETAS ESTÁN PUBLICADAS NA PÁXINA WEB DO CONCELLO DE MUROS [www.muros.gal](http://www.muros.gal)**